

POR QUE SE LLE DEDICAN AS LETRAS GALEGAS A LUGRÍS FREIRE NO ANO 2006

Estivemos buscando en Internet o motivo polo que lle dedicaron o Día das Letras galegas deste ano a LUGRÍS FREIRE e atopamos a seguinte información.

Despois de varios anos con dedicacións a xente moi próxima cronoloxicamente a nós: Lorenzo Varela, Xoaquín Lorenzo, Avilés de Taramancos (os tres últimos morreron despois de Franco), cumpría, para o centenario da Real Academia Galega, precisamente neste 2006, un histórico da cultura galega a quen dedicarlle o Día das Letras.

Os "históricos", canto máis alá vaian, menos conflito presentan en canto a filias e fobias (podíamos lembrar os desacougos polas dedicacións a Avilés de Taramancos e Lorenzo Varela por parte de Fraga Iribarne, ou ao bo do Xoaquín Lorenzo, por parte de Alonso Montero). Por iso, escoller alguén "non problemático" do pasado, ben pasado, era a alternativa razoable. Obviamente son moitas as outras persoas ás que se lle podería dedicar este día: Carballo Calero, Ramón Piñeiro... pero LUGRÍS FREIRE une máis na distan-

cia tamén porque as súas opinións e posicións políticas e lingüísticas quedan moi lonxe do mundo presente.

Así, a Real Academia Galega ollando no "fondo do armario" da cultura galega, seguramente encontrou varias posibilidades... unha dedicarllo ao autor da primeira gramática galega seria, Juan Antonio Saco y Arce (1833-1881), morto antes mesmo da fundación da RAG e con moi pouca obra galega, aínda que sabe-

mos que isto non é decisivo... outra posibilidade era botar man do propio arquivo e dedicarlle este día a alguén da "casa", a un histórico da Real Academia Galega, un presidente, como Manuel LUGRÍS FREIRE. E este foi o motivo polo que se lle dedicou o Día das Letras Galegas de 2006.

MIGUEL ANXO VARELA ÁLVAREZ
ÁNGEL CASTRO CABADO
CARLOS CONDE SANTOS

